



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 6 de setembro de 2018

ASISTENTES:
Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez.
D^a M^a. Carmen Silva Rego.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día seis de setembro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do segundo tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira (RA 5/09/18), coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(987).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a sesión.

2(988).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE EXCLUSIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4799/440.

Dáse conta do informe-proposta do 05/09/18, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, e conformado polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro do vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo, de 22 de febreiro de 2018 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para contrato de subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo , de 22 de febreiro de 2018 (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante XGL) , na sesión que tivo lugar o 22 de febreiro de 2018, acordou aprobar o expediente número 4.799-440 para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal, e abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- O 23 de febreiro de 2018, se anuncia a licitación no perfil de contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- Diario Oficial da Unión Europea, 28 de febreiro de 2018, abríndose con esta publicación o prazo de presentación de ofertas.
- Boletín Oficial do Estado, 8 de marzo de 2018.
- Boletín Oficial da Provincia, 16 de marzo de 2018.
- Diario Oficial de Galicia, 16 de marzo de 2018.

Terceiro.- Con data de 27 de marzo de 2018, D. Manuel Duarte Garrido, en representación de Complementos Policiales, S.L., aberto o prazo para a presentación de ofertas, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, con número 180045464 solicita aclaracións ao prego de prescricións técnicas particulares. A resposta ás mesmas é publicada no perfil de contratante o 2 de abril de 2018.



Concello de Vigo

Cuarto.- Con data 10 de abril de 2018, D. Manuel Duarte Garrido, en nome e representación de Complementos Policiales, S.L., interpón perante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, TACPG ou o Tribunal), recurso especial en materia de contratación contra os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de Prescricións técnicas que rexen este procedemento.

Quinto.- En data 16 de maio de 2018, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), en Resolución nº 13/2018, acorda inadmitir o recurso citado no antecedente anterior.

Sexto.- En data 6 de abril de 2018 finalizou o prazo de presentación de ofertas, tendose presentado as seguintes:

- SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lotes 1 e 3)
- SAGRES, S.L. (lote 4)
- PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
- DANNERBOOTS, S.L.U. (lote 4)

Sétimo.- Na sesión da Mesa de Contratación de data 24 de maio de 2018 procedeuse a apertura do sobre A e acordouse admitir a todos os licitadores. A continuación procedeuse a apertura do sobre B, e solicitouse enmenda da oferta técnica aos licitadores SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., DANNERBOOTS, S.L.U., por canto as súas ofertas carecían de sinatura.

Oitavo.- Na sesión da Mesa de Contratación de data 31 de maio de 2018, acordouse dar por enmendada a oferta técnica. A continuación procedeuse a apertura do sobre D. A Mesa acorda encomendar ao xefe da Área de Investimentos, asinante do prego de prescricións técnicas particulares a elaboración dun inventario das mostras e comprobación dos listados presentados e solicitar informe ao servizo xestor sobre a referida documentación técnica (Sobre B e Sobre D).

En cumprimento do apartado 9A do PCAP a valoración da funcionalidade da prenda (PT1) da Memoria técnica descritiva da funcionalidade e das características técnicas das prendas a subministrar deberá ser realizada por tres membros designados para o efecto de entre os membros da comisión de vestiario do comité de empresa e do servizo ao que se destinen as prendas.

Ambos informes foron refundidos nun único informe emitido en data 19 de xullo de 2018 polo xefe da área de Inversións.

Noveno.- Na sesión da Mesa de Contratación de data 24 de xullo aceptouse o informe citado no antecedente anterior. A Mesa, á vista do mesmo acordou excluír deste procedemento ó recorrente.

Este acordo foi publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo en data 26 de xullo de 2018 e notificado ó recorrente en data 27 de xullo.

O informe de valoración de ofertas foi obxecto dunha corrección de erros materiais con relación á puntuación dos licitadores en data 30 de xullo de 2018. Desta incidencia deuse conta á Mesa de Contratación en data 30 de xullo de 2018.

Décimo.- Na sesión da Mesa de Contratación data 30 de agosto de 2018, o xefe da Área de Investimentos, aclarou que “no informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor por el asinado na data 19 de xullo de 2018 se detectou un erro na transcripción da puntuación no apartado A.2) e de forma específica en relación ao lote nº 4, polo que se entrega un novo informe de data 30 de xullo no que se aclara que os apartado da xustificación da puntuación outorgada neste apartado se atopaban intercambiadas”. Este informe é entregado aos membros da Mesa, que o aceptan, por unanimidade, polo que se procede acto seguido á súa publicación no perfil de contratante e entrégase ao público asistente.

A continuación procedeuse á apertura do sobre C.

Undécimo.- Con data 17 de agosto de 2018, D^a. Margarita M.^a Reboredo Arnos, en nome e representación de DANNERBOOTS, S.L.U., (en adiante DANNERBOOTS ou o recurrente), interpón perante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, TACPG ou o Tribunal), recurso especial en materia de contratación contra o acordo de exclusión da súa representada deste procedemento. Este recurso foi presentado no Rexistro da delegación da Tesourería Xeral da Seguridade Social da Estrada e tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello o día 27 de agosto de 2018.

Duodécimo.- En data 5 de setembro de 2018, o servizo xestor, a petición do servizo de contratación, emite informe sobre o recurso citado no antecedente anterior.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo da Mesa de contratación do Concello de Vigo, adoptado na sesión de 24 de xullo de 2018, de exclusión do recurrente do procedemento aberto para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestuario para o persoal municipal. Acordo que lle foi notificado ó recurrente en data 27 de xullo de 2018.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.



Concello de Vigo

- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 46 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 40.1 TRLCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras, concesión de obras públicas, de subministro, de servizos, de colaboración entre o Sector Público e o Sector Privado e acordos marco, suxeitos a regulación armonizada.
- Contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II desta Lei o valor estimado do cal sexa igual ou superior a 209.000 euros .
- Contratos de xestión de servizos públicos nos que o valor económico da concesión é superior a 5.225.000 euros (Resolución 569/2016 do TACRC).

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén no artigo 22 do Real Decreto 814/2015. Se ben a tarefa de analizar si concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso se considerará que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.

Así, o acordo de exclusión do recorrente, é un acto de trámite cualificado, que determina a imposibilidade do mesmo de continuar no procedemento, e consecuentemente, é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso á persoas físicas e xurídicas os dereitos ou intereses lexítimos dos cales se viron prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 48 TRLCSP). É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recurrir. En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación activa á mercantil recorrente na súa calidade de licitador.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e se presentará perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). No caso que nos ocupa, o recorrente non presenta o citado escrito no Rexistro Xeral desta Administración. Non obstante, o artigo 17 do Real Decreto 814/2015, establece que a presentación do escrito de interposición perante o órgano de contratación producirá, ademais, os efectos do anuncio de recurso. Nesta liña, a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos contractuais 211/2011, establece que non é necesario presentar escrito anunciando a interposición cando o recurso se presenta perante o propio órgano de contratación. Fundamenta este criterio sinalando que “o anuncio de interposición está establecido polo lexislador coa finalidade de que o órgano de contratación saiba que contra a súa resolución, sexa cal fora ésta, se vai interpoñer o pertinente recurso. Por tanto, a omisión do requisito nos casos en que a interposición do recurso se verifique directamente perante o órgano de contratación, como é o caso do expediente en cuestión, non pode considerarse como un vicio que obste á válida prosecución do procedemento e o dictado dunha resolución contra o fondo do recurso”. Dado que o recurso foi presentado no Rexistro do Concello, o escrito de interposición produciu os efectos do anuncio.

O escrito de interposición do recurso deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso farase constar o acto recurrido, o motivo en que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción do cal solicite (artigo 51 TRLCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:



Concello de Vigo

- O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaíra ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicara.
- O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- Unha dirección de correo electrónico «habilitada» á que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente.

Conven aclarar que o recorrente presentou o recurso no Rexistro da delegación da Tesourería Xeral da Seguridade Social da Estrada. Este recurso tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o día 27 de agosto do mesmo ano.

O artigo 18 do RD 814/2015 determina respecto ó rexistro de presentación do recurso que “O recurso especial en materia de contratación e as cuestións de nulidade ó abeiro do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público só poderás presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano administrativo competente para resolvelos (...) A presentación nas oficinas de correos ou en calquera rexistro administrativo distinto dos mencionados no apartado anterior non interrompirá o prazo de presentación. En tales casos, o recurso, a reclamación ou a cuestión de nulidade se entenderán interpostos o día no que entren no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano administrativo competente para resolvelo, segundo proceda”. É dicir, que a falta de presentación nalgún dos citados recursos non provoca a inadmisión do recurso, senon que o único efecto sería ter por interposto o recurso na data na que ten entrada no rexistro do órgano de contratación ou do tribunal competente para resolvelo. Neste sentido, establece a doutrina do TACRC (resolucións 928/2015, 1017/2015 e 1119/2015) que :

- A data de interposición a considerar é a de presentación do recurso no rexistro do órgano de contratación ou no deste Tribunal.
- Non computan a estes efectos nin a data do anuncio previo, nin a de presentación en rexistro distinto.
- No caso de presentarse en oficinas de correos ou en rexistros distintos aos sinalados, o prazo comezará a contar dende a entrada no rexistro do Tribunal ou do órgano de contratación.

D) Por último, respecto aos requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP).

O acordo de exclusión de DANNERBOOTS foi publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo en data 26 de xullo de 2018 e notificado ó licitador o día seguinte, o 27 de xullo. Dado que este presenta o recurso en data 27 de agosto de 2018, este é extemporáneo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar a inadmisión do presente recurso especial por extemporaneidade.

Non obstante nos fundamentos xurídicos seguintes se analizará o fondo da cuestión plantexada polo recorrente.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

A Sra. Reboredo, en nome e representación da entidade recorrente, formula as seguintes alegacións:

1. Infracción das normas de igualdade, concorrencia, e non discriminación, do prego de prescricións técnicas (PPT) (fundamento de dereito primeiro do escrito de recurso).
2. Indebida valoración da oferta técnica de DANNERBOOTS (fundamento de dereito segundo do escrito de recurso).

Nos fundamentos xurídicos seguintes deste informe, VI e VII, nos referiremos por separado a cada un dos motivos esgrimidos polo recorrente para a estimación do recurso nas súas alegacións.

-VI-

Infracción das normas de igualdade, concorrencia, e non discriminación, do prego de prescricións técnicas (fundamento de dereito primeiro do escrito de recurso)

Manifesta o recorrente que no Anexo das prendas a subministrar correspondentes ao lote 4 "se esixe o subministro de dúas prendas (zapato e bota) cunha referencia concreta a unha marca rexistrada "goretex". (...) Esta esixencia do PPT, ademais de incumprir o disposto no artigo 118.8 do TRLCSP -pois non se inclúe a mención "ou equivalente" para os subministros obxecto do contrato-, prexudica gravemente a competencia". E cita en defensa da súa tese, un informe da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, o 2/1999, que conclúe que debe prescindirse da expresión "ou equivalente" nos casos nos que este xustificado polo obxecto do contrato, circunstancia esta que na súa opinión non concorre no expediente que nos ocupa.

Efectivamente no Anexo do PPT relativo ao LOTE 4 se recolle que as BOTAS O2 CI HI HRO WR deben conter membrana GORE-TEX, sen embargo no PPT non se recolle referencia algunha a esta marca rexistrada. Se ben esta mención do anexo é desafortunada, e debería omitirse ou ben incorporarse a mención ou equivalente, o certo é que unha lectura comprensiva do PPT leva á conclusión de que non se esixe nin valora unha membrana determinada, senon unhas características do zapato, o cal deberá ser impermeable e permitir a transpiración do pe.

Se ben se contesta a alegación do recorrente, é preciso matizar que segundo reiterada doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación, a presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada dos pregos que rexen o procedemento, que son a lei do contrato, e consecuentemente, veda ó licitador a posibilidade de impugnalos posteriormente. Por todas, podemos citar a Resolución nº 810/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de 22 de Septiembre de 2017, que di que "Hemos de partir en el análisis de las cuestiones planteadas del valor vinculante de los pliegos, auténtica lex contractus, con eficacia jurídica, no sólo para el órgano de contratación, sino también para cualquier interesado en el procedimiento de licitación, y, particularmente, para las empresas licitadoras. A este respecto, la Resolución 408/2015 de este Tribunal señala: "Dado que los pliegos son la ley del contrato y que las mencionadas circunstancias no han sido invocadas oportunamente por la recurrente a través del correspondiente recurso, dichas alegaciones, completamente extemporáneas, no pueden



Concello de Vigo

ser ahora examinadas ni consideradas por el Tribunal. Efectivamente, el Tribunal viene aplicando la doctrina reiterada de que la presentación de proposiciones por los licitadores implica, conforme al artículo 145.1 del TRLCSP, la aceptación incondicional de los Pliegos, debiendo inadmitirse, por extemporánea, su posterior impugnación”.

Contraargumenta o recorrente en relación a esta doutrina, que a mesma ten unha excepción. A saber, que os pregos adoezan dun vicio de nulidade de pleno dereito, como no caso que nos ocupa na súa opinión.

A Resolución 108/2016 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales da Junta De Andalucía, de 20 de maio de 2016, aclara o criterio relativo a impugnación dos pregos. Segundo a mesma “este Tribunal ha desarrollado en varias de sus resoluciones una extensa doctrina sobre la impugnación de los anuncios de licitación, de los pliegos o de los documentos que establezcan las condiciones que deban regir la licitación, al recurrir el acto de adjudicación o el de exclusión, doctrina que se puede resumir en los siguientes puntos:

1. La regla general en estos casos (v.g. resoluciones 39/2015, de 10 de febrero, 120/2015, de 25 de marzo, 389/2015, de 17 de noviembre, 1/2016, de 14 de enero y 75/2016, de 6 de abril, entre otras muchas) ha sido estimar que los anuncios de licitación, los pliegos o los documentos que establezcan las condiciones que deban regir la licitación son la ley del contrato entre las partes, y la presentación de proposiciones implica su aceptación incondicionada por los licitadores, conforme al artículo 145.1 del TRLCSP, por lo que, en virtud del principio de pacta sunt servanda, y teniendo en cuenta que la recurrente no los impugnó en su día, necesariamente ha de estarse ahora al contenido de los mismos, que son ley entre las partes. Esta regla general admite una serie de excepciones que han de concurrir para poder anular un anuncio de licitación, un pliego o un documento en el que se establezcan las condiciones que deban regir la licitación con motivo de la impugnación de otro acto distinto como la adjudicación o la exclusión. Estas excepciones han sido puestas de manifiesto por este Tribunal en diversas resoluciones (v.g. resoluciones 270/2015, de 31 de julio, 310/2015, de 3 de septiembre, 342/2015, de 14 de octubre, 45/2016, de 18 de febrero y 72/2016, de 1 de abril, entre otras).

2. Es posible, previa interposición del correspondiente recurso, declarar la nulidad de los anuncios de licitación, de los pliegos o de los documentos que establezcan las condiciones que deban regir la licitación, cuando con ocasión de la exclusión o de la adjudicación, una entidad licitadora, razonablemente informada y normalmente diligente, solo pudo comprender las condiciones de la licitación en el momento en que, tras haber evaluado las ofertas, el órgano de contratación le informó de los motivos de su decisión, siempre que de forma acumulativa se den las siguientes circunstancias:

- Que en la estipulación de los anuncios de licitación, de los pliegos o de los documentos que deban regir la licitación concurra un vicio de legalidad que conlleve su nulidad de pleno derecho.

- Que la declaración de nulidad sea congruente con la pretensión, como exige el artículo 47.2 del TRLCSP.

- Que se trate de una estipulación que posibilite, incluso hipotéticamente, una actuación arbitraria -no solo ilegal- del órgano de contratación a lo largo del procedimiento, de modo

que no sea suficiente para garantizar la legalidad de dicho procedimiento la simple anulación del acto impugnado y la retroacción de actuaciones, pues a la hora de dictar el acto que sustituya al anulado, el órgano de contratación sería igualmente libre para perpetrar otra arbitrariedad, pues precisamente el vicio de la estipulación controvertida radica en que concede al órgano de contratación una libertad ilimitada en el procedimiento de adjudicación.

3. En todo caso, el vicio de nulidad radical de los actos administrativos es de interpretación restrictiva, por ello, en los supuestos en que exista un vicio de nulidad en los anuncios de licitación, en los pliegos o en los documentos que establezcan las condiciones que deban regir la licitación, el Tribunal solo podría apreciar la nulidad de los mismos en la resolución de un recurso contra la adjudicación o contra la exclusión, cuando aquel vicio tan grave no se deduzca de manera clara e indubitada de la redacción del mismo, sino que se ponga de manifiesto con posterioridad a lo largo del procedimiento de adjudicación.

Así, en la Resolución 422/2015, de 10 de diciembre, se señaló que “(...) si la redacción del pliego es clara e indubitada de modo que la ilegalidad del criterio resulta apreciable tras la mera lectura de aquel sin tener que esperar al posterior acto de valoración de las ofertas, la invocación de dicha ilegalidad debió efectuarse en el plazo de impugnación establecido en la ley para los pliegos, transcurrido el cual los mismos adquirieron firmeza y su contenido resultó desde ese momento inalterable.”

Tal e como se deduce desta resolución, a excepción alegada polo recorrente é de aplicación restritiva. E no presente caso non resulta de aplicación por canto a esixencia dunha marca concreta apreciase coa simple lectura do Anexo do PPT que regula o lote 4, e de feito, foi obxecto de impugnación no recurso especial en materia de contratación citado no antecedente cuarto deste informe. E non é lícito ir en contra dos propios actos, como está facendo o recorrente. Non impugnou no seu momento o PPT e agora, unha vez excluído do procedemento, pretende que se declare a súa nulidade para poder presentarse outra vez ó subseguinte procedemento.

En consecuencia, en opinión da que suscribe, procede propoñer ó Tribunal a desestimación da alegación primeira do escrito de recurso.

-VII-

Da indebida valoración da oferta técnica de DANNERBOOTS (fundamento de dereito segundo do escrito de recurso)

Comeza o recorrente esta alegación poñendo de manifesto a irregularidade que supón modificar as puntuacións nunha corrección de erros materiais, máxime cando a diferenza de puntuación nalgún caso é de 25 puntos. Na súa opinión, un cambio de tal transcendencia non pode considerarse “un mero erro de transcripción formal, debendo ter sido analizado e asumido pola Mesa de Contratación, único órgano competente para outorgar as valoracións neste concreto apartado”. O feito de non ser aprobado esta corrección pola Mesa de Contratación considera que infrinxe as normas de procedemento e conleva a nulidade do mesmo por aplicación do artigo 32.a do TRLCSP en relación co artigo 47.1.e da LPAC.

Compre aclarar que, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, a Mesa de Contratación, na sesión da de data 31 de maio de 2018, acordou encomendar ao xefe da Área de Inversións, asinante do prego de prescricións técnicas particulares a elaboración dun inventario das mostras e comprobación dos listados presentados e solicitar informe ao



Concello de Vigo

servizo xestor sobre a referida documentación técnica (Sobre B e Sobre D). Ambos informes foron refundidos nun único informe emitido en data 19 de xullo de 2018 polo xefe da área de Inversións. Este informe foi aceptado pola mesa na sesión de 24 de xullo. Posteriormente foi obxecto dunha corrección de erros materiais con relación á puntuación dos licitadores en data 30 de xullo de 2018. Desta incidencia deuse conta á Mesa de Contratación en data 30 de xullo de 2018, que a aceptou. Polo tanto, tal e como esixe o recorrente, é a Mesa a que asume este erro. Ademais esta corrección foi publicada no perfil de contratante do Concello no mesmo día da súa aprobación. Non existe vicio procedimental ningún nin ausencia de procedemento e, en consecuencia, non procede a nulidade desta corrección de erros.

Continua o recorrente esta alegación, no seu apartado II, discutindo a puntuación outorgada no criterio técnico. Dado que o que se discute é o criterio técnico do informante, a que subscribe procedeu a solicitarlle informe ao respecto.

Segundo o informe do xefe da área de Inversións, de data 5 de setembro de 2018:

" Sobre o fondo do apartado I) deste asunto, debo remitirme de forma expresa ao informe asinado con data 30/07/2018, no cal procedese a aclarar que "detectase un erro na transcripción da puntuación no apartado A.2) e de forma específica en relación ao lote nº4, polo cal procede a emitirse este informe aclarando que os apartado da xustificación da puntuación outorgada neste apartado se atopaban intercambiadas, procedendo a adecuar as mesmas en relación o contido das ofertas".

Sobre este asunto aclarar que dito erro foi motivado por unha transcripción mecanográfica errónea do apartado de "xustificación da puntuación", tal como se describe no informe indicado. Así mesmo debese indicar que é obvio que este apartado non concorda coa descrición técnica de avaliación do contido da memoria presentada por DANNERBOOTS, a cal non foi modificada, polo cal unicamente procedeuse a corrixir o erro indicado, no cal se atopaban intercambiadas os apartado de "xustificación da puntuación outorgada". Polo cal a puntuación outorgada a mercantil DANNERBOOTS SLU, na avaliación técnica dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor do apartado A.2.- MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA DOS PROCESOS E MEDIOS PROPOSTOS PARA O PROCESO DE TOMA DE TALLAS E MEDIDAS E CONDICIÓNS DE SEGUIMENTO E ADECUACIÓN DAS PRENDAS ENTREGADAS (PT4), e a de "0 (cero) PUNTOS", o cal correspondese de acordo cos criterios de avaliación indicados no PCAP, ao contido da memoria presentada.

B.2.- Sobre o fondo do apartado II) deste asunto, reiterar o indicado no informe de avaliación dos criterios de xuízo de valor de data 19/07/2018, no cal se analiza a documentación presentada pola mercantil DANNERBOOTS SLU. Dito informe fundamenta a avaliación en relación os requisitos indicados no PCAP o cal en relación o fondo deste asunto, indica no apartado 7,a).1 "Para as prendas identificadas coa condición de obrigatorio mostra deberá achegarse unha xustificación acreditativa de ensaios realizados por laboratorios homologados para garantir o cumprimento dos valores aportados nas fichas técnicas".

En base a dita condición a avaliación da documentación presentado por DANNERBOOTS, indica;

"foron presentadas todas as mostras, cada unha ten a súa ficha técnica que na maioría dos casos replica os datos indicados no anexo do PPTP",

"En relación a certificación de laboratorio, indicar que na súa oferta DANNERS BOOTS SLU, anexa unha serie de certificados de laboratorio, pero no para todas as prendas (se indica no seguinte cadro adxunto). -no cadro indicase que non presentan certificados en relación a 10 prendas-"

"Outra das observacións sobre os certificados presentados e a incongruencia dos mesmos en relación as datas que indican os certificados e a referencia do solicitante do certificado" Neste apartado indicase de forma detallada aqueles certificados a nome de empresas que

non se corresponden coa indicación que DANNERBOOTS indica como fabricante da prenda. POlo cal a xuízo do técnico informante, enténdese que si a mercantil que presenta a oferta indica que a prenda a subministrar será fabricada por un provedor concreto, a certificación da calidade dos tecidos e elementos que conforman a prenda ofertada debe corresponderse co mesmo fabricante, e neste caso a presentación dun certificado doutros fabricante (como así indica DANNERBOOTS no seu recurso), non se corresponde co requirimento do propio PCAP de "achegar unha xustificación acreditativa de ensaios realizados por laboratorios homologados para garantir o cumprimento dos valores aportados nas fichas técnicas", e polo tanto non pode considerarse válido.

Estes tres apartados son os fundamentos da avaliación realizada, e procede reiterar a validez da mesma tanto na parte expositiva da avaliación como a da xustificación da puntuación que indica "De acordo coa avaliación realizada sobre a proposta da mercantil DANNERS BOOTS SLU débese indicar que a mesma non cumpre, coa acreditación dos certificados de acordo coas condicións expostas, e tendo en conta a certificación que se adecúan ao presentado, de acordo cos criterios de valoración, lle corresponde unha puntuación de 8,00 puntos."

Por todo o exposto, tal como se indica neste informe, debe reiterar a adecuada aplicación dos criterios de avaliación en relación a avaliación da oferta da mercantil DANNERBOOTS SLU".

Do exposto neste fundamento xurídico dedúcese que procede solicitar do Tribunal a desestimación da alegación segunda do escrito de recurso.

-VIII-

Conclusións

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso, pois, tal e como se manifestou no fundamento xurídico IV, e sen prexuízo do seu ulterior examen polo Tribunal, o recurso é extemporáneo.

Con respecto ó fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o recurso, unha vez analizados, nos fundamentos xurídicos VI e VII deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo da Mesa de contratación, de data 24 de xullo de 2018, de exclusión do procedemento para a contratación da concesión de subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para persoal municipal do Concello de Vigo, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo, no seu escrito de recurso polos motivos alegados nos citados fundamentos xurídicos.

-IX-

Medidas cautelares

Solicita o recorrente que se imponha a medida cautelar de suspensión do procedemento. Esta medida unicamente é de obrigada adopción polo tribunal en caso de que a impugnación o sexa do acto de adjudicación do procedemento. Dado que o recurso impugna o acordo de exclusión do procedemento e, ademais, é extemporáneo, a xuízo da informante non procede acordar a citada medida cautelar.

-X-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP e da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do **seguinte acordo**:



Concello de Vigo

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(989).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PROPIETARIOS DE J-70 POLA ORGANIZACIÓN NA CIDADE DE VIGO DO CAMPEONATO DE ESPAÑA J-70 ENTRE O 9 E 16 DE XUÑO DE 2018. EXPTE. 17466/333.

Visto o informe de fiscalización do 03/09/18, dáse conta do informe-proposta do 29/08/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro- delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 17466/333 en relación á proposta de referencia, e atendendo ó informe remitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 03/08/2018, procedeuse a incorporar ó expediente un certificado actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social de data 27/08/2018, e procedeuse á :

- Modificar o apartado segundo da proposta, quedando redactada tal como a continuación se detalla:

SEGUNDO.- Que se autorice un gasto por importe de 50.000,00 euros, a favor da Asociación Española de Propietarios de J-70, CIF G27801703, con cargo á aplicación orzamentaria do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio:

3410.489.0008. Convenio Programa dinamiz. Cto. Europa J-70 de 50.000,00€ vela

- Eliminar a referencia á partida 3410.4890001 na parte expositiva, quedando a mesma tal como se detalla:

Como resultado deste acordo, o servizo de deportes dispón co crédito necesario de 50.000,00 €, nas aplicacións do seu vixente orzamento:

3410.489.0008. Convenio Programa dinamiz. Cto. Europa J-70 de 50.000,00€ vela

Atendendo ós antecedentes descritos, faise o seguinte

INFORME PROPOSTA:

O Concelleiro delegado da área de deportes resolveu en data 07/06/18 que se iniciase a tramitación do expediente de subvención a favor da Asociación de Propietarios de J-70 en relación á celebración do Campionato de Europa J-70 entre o 9 e o 16 de xuño de 2018.

O evento ten prevista a súa celebración entre os días 9 e 16 de xuño de 2018, e está directamente relacionado co convenio de colaboración asinado o 28/12/17 entre o Concello de Vigo, a Deputación de Pontevedra “para o desenvolvemento dun programa de promoción deportiva da vela a través da organización do campionato de Europa J-70 na cidade de Vigo”.

O evento é organizado pola Asociación Española de Propietarios de J-70, entidade, que posúe os dereitos da competición tal como se acredita na documentación presentada, e tense prevista unha gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Guillermo Alonso Santoro ostenta o cargo de Presidente da Asociación Española de Propietarios de la Clase J-70 segundo acordo da Asemblea da mesma de data 16 de decembro de 2017 que se achega xunto á documentación que consta no expediente.

O carácter deportivo atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Con data 20 de novembro de 2015, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen os de promoción do deporte.

No Protocolo de colaboración estableceuse que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

Ao amparo do Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou con data 1 de xuño de 2018 o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da Vela



Concello de Vigo

(expediente 17182-333), co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do Campionato de Europa de J-70.

Como resultado deste acordo, o servizo de deportes dispón co crédito necesario de 50.000,00 €, na aplicación do seu vixente orzamento:

3410.489.0008. Convenio Programa dinamiz. Cto. Europa J-70 de vela 50.000,00€

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Campionato de Europa de J-70, segundo o presuposto presentado pola Asociación Española de propietarios de J-70, ascenden a un total de 150.000,00,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O réxime xurídico de aplicación da presente proposta de adxudicación de subvención atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partidas 3410.489.0001 e 3410.489.0008, que dispoñen do crédito necesario que dean cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 50.000,00 (cincuenta mil euros) para o “Campionato de Europa J-70 ”; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrència pública, dado que a Asociación Española de propietarios da clase J-70, CIF G27801703 ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación aportada.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

A entidade encargárase da organización xeral do evento e asume todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 150.000,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan na documentación anexa no expediente por importe de 50.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 33,33% do total do gasto.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión, e no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co

disposto na propia lei, e o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción da vela “Campionato de Europa de J-70” que se celebra na cidade de Vigo entre o 9 e o 16 de xuño de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Asociación Española de Propietarios de J-70 posúe os dereitos da competición. O evento



Concello de Vigo

ten prevista unha gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Asociación Española de Propietarios de J-70 non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17466/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 1 de decembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
2. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendidas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi

practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 - En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

O texto da proposta incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que a proposta persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que a Asociación Española de Propietarios de J-70 non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17466/333.

A proposta de adxudicación directa ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o texto da proposta de adxudicación da subvención, que se achega no expediente, a favor da Asociación Española de Propietarios de J-70, CIF G27801703, pola organización do Campionato de Europa de J-70, que se celebra na cidade de Vigo entre o 9 e o 16 de xuño de 2018, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción da vela “Campionato de Europa de J-70” que se celebra na cidade de Vigo entre o 9 e o 16 de xuño de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de



Concello de Vigo

subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Asociación Española de Propietarios de J-70 posúe os dereitos da competición. O evento ten prevista unha gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Asociación Española de Propietarios de J-70 non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17466/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 1 de decembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

7. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
8. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
9. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
10. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
11. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
12. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o



Concello de Vigo

expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDO.- Que se autorice un gasto por importe de 50.000,00 euros, a favor da Asociación Española de Propietarios de J-70, CIF G27801703, con cargo á aplicación presupostaria do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio:

3410.489.0008. Convenio Programa dinamiz. Cto. Europa J-70 de vela 50.000,00€

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(990).-ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “FORMAWEB II”. EXP-TE. 15642/77.

Dáse conta do informe-proposta do 03/09/18, asinado pola A técnica de Administración Xeral, o xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 21 de xuño de 2018 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB II”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018”, publicado no DOG do 23 de maio de 2018”.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2018 e 2019, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB II”.

Con data do 28 de agosto de 2018, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado “FORMAWEB II” por resolución de 27/08/2017 do Xefe Territorial (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da *Orde do 04 de maio de 2018* (DOG nº 97, do 23 de maio de 2018) pola que se establecen as *bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, co número de expediente 36/00025/2018, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de **144.621,00 €** para a posta en marcha das ditas accións.

A resolución supón a aceptación da especialidade solicitada (Confeción e publicación de páxinas web), e contará con 15 alumnos/as-traballadores/as, e un unha equipa directiva composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 1 experto/a docente.



Concello de Vigo

Da cantidade global de concesión da subvención (144.621,00 €), 62.784,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 81.837,00 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, coa conformidade do Secretario Municipal e non sendo necesaria a fiscalización previa do expediente, a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución de concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado "FORMAWEB II", por resolución de 27/08/2018 do Xefe Territorial (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 04 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o anos 2018 e 2019, co número de expediente 36/00025/2018, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 144.621,00 € para a posta en marcha das ditas accións.

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "FORMAWEB II", conforme aos criterios establecidos na Orde do 04 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Si

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(991).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL: "PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTALES DE OUTONO" DENTRO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2018. EXPTE. 13690/306.

Dáse conta do informe-proposta do 05/09/18, asinado polo xefe de Medio Ambiente e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 4 de setembro de 2018, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono, dentro do progra Camiño a Camiño 2018.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle oito rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra, para un total de 2.100 participantes, que se desenvolveran nos meses de outubro e novembro de 2018.

As actividades realizadas en Vigo van dirixidas ao coñecemento do hábitat do termo municipal de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto empregárase a infraestrutura dos sendeiros locais trazados polo Concello de Vigo. Por outra banda, as actividades realizadas nos “Percorridos a carón da Sidra e do Viño” buscan coñecer os entornos nos que se desenvolve unha tradición centenaria a carón da colleita da uva e da mazá e que desemboca nun proceso produtivo que permite desenvolver a comunidade dos espazos nos que ten lugar. Particularmente, farase unha aproximación a tres comarcas (A Estrada, O Rosal e O Ribeiro), na primeira, abordando a produción da sidra e nas outras dúas a produción do viño.

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 25.410 euros (IVE engadido).

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá as actividades prevista, a excepción do transporte discrecional que será por conta da Administración municipal, (expte. 13691/306) (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.

A organización municipal non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes das rutas que se desenvolvan fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento desta programación estase a contemplar os seguintes supostos:

- O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios nas rutas de día, de xeito que chegarán 7 euros para desprazamentos de día completo, os menores de 12 anos chegarán a metade, 3,50 euros. O resto do custe do transporte será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes.

Concepto e ingresos unitarios estimados	Número usuarios	Prezo por usuario	TOTAL
Ingreso percorrido zona da A Estrada	190 adultos e	7 euros adulto	1.365



Concello de Vigo

	10 nenos	3,50 nenos	
Ingreso percorrido zona de O Rosal	190 adultos e 10 nenos	7 euros adulto 3,50 nenos	1.365
Ingreso percorrido zona de O Ribeiro	190 adultos e 10 nenos	7 euros adulto 3,50 nenos	1.365
INGRESO TOTAL			4.095 €

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos oito anos, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo e dos lugares máis destacados de Galicia, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este.

As actividades realizadas nos “Percorridos a carón da Sidra e do Viño” buscan coñecer os entornos nos que se desenvolve unha tradición centenaria a carón da colleita da uva e da mazá e que desemboca nun proceso produtivo que permite desenvolver a comunidade dos espazos nos que ten lugar. Particularmente, farase unha aproximación a tres comarcas (A Estrada, O Rosal e O Ribeiro), na primeira, abordando a produción da sidra e nas outras dúas a produción do viño.

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

A cofinanciación dos custes do transporte discrecional fora do termo municipal polos participantes, considérase, tamén, axustada a dereito nos termos do proxecto e das ordenanzas fiscais municipais ao non sobrepasar o custe do servizo.

En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (BOP 14/07/2015), correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, fórmase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental: “Percorridos Medioambientais de outono” dentro do programa Camiño a Camiño 2018, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 5 de setembro de 2018, que recolle oito rutas medioambientais por Vigo e lugares da Bisbarra para un total de 2.100 participantes que se desenvolveran nos meses de outubro e novembro de 2018.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante polo transporte discrecional de 7 euros adulto e 3,50 euros menores de doce anos en desprazamentos fora do termo municipal de Vigo día completo, de conformidade co establecido no proxecto das actividades.

Terceiro.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

Cuarto.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(992).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERÁCLIO BOTANA)”. EXPTE. 20/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/09/18, dáse conta do informe-proposta do 31/08/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no contorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto do 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras o 6 de agosto de 2018:

1. HIDROMIÑO, S.L.
2. C.D.INDEPO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORESA, S.L.	95,79
2	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,87
3	MISTURAS, S.A.	93,00

	Licitadores	Puntuación
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	91,79
5	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,71
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	91,54
7	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,31
8	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	91,02
9	NAROM, S.L.	90,18
10	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	89,74
11	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	89,00
12	CONSTRUCCIONES RAMON VAZQUEZ Y REINO, S.L.	88,95
13	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	88,93
14	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	87,06
15	ELSAMEX, S.A.U.	86,31
16	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	85,84
17	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	84,72
18	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	83,52
19	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	81,61
20	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	80,65
21	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	75,97
22	SESTRAMA IBERICA, S.L.	74,41
23	COPCISA, S.A.	71,95
24	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	68,29
25	CONSERNOR, S.L.	60,18

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.069,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., o día 14 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 28 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



Concello de Vigo

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 e 29 de agosto de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORESA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no contorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) por un prezo total de 355.041,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 61.618,69 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos, Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TTE. ALCALDE,
Francisco Javier Pardo Espiñeira. (RA. 05/09/18)